

DATA

22/02/2014

ACTIVIDADE

Ascensión ó Quinxo

LUGAR

OLELAS – ENTRIMO - OURENSE

ORGANIZA

XISTRA

MEMORIA

Ascensión ó Monte do Quinxo (1166m) pola vía tradicional dende a presa de Olelas, con descenso nevado e ascensión ó Quinxo sur (1035m).

Partindo do Encoro de Olelas ascensión por corredoiras complicadas en dirección norte seguindo a corrente do regato. Nesta época e neste ano leva moita auga. A partir dos 800m ascende en dirección leste ata os 910m. Logo o percorrido traza unha media lúa en dirección norte.

Descendemos para buscar a cota 1000m no nacemento do rego da Corga do Porto do Medio (que nutre unha impresionante ferverza sobre a lagoa do Olelas). Alí collemos o fío do segundo monte Quinxo, máis ó sur e de altitude 1035m.

Descendemos entre a Lomba do Pereiro e os Dentes do Cabalo buscando o rego da Corga do Segovián. Ó seu carón chegamos ata a estrada e, xirando á dereita, acadamos novamente o Encoro de Olelas.

PARTICIPANTES XISTRA

RAÚL LEIRÓS GUTIERREZ

XOSÉ LOIS FREIXEIRO LÓPEZ

XOSÉ HENRIQUE FREIXEIRO CAMESELLE

FOTOS



O Quinxo (Outeiro do Quintano) (1166m)





No cumio do Quinxo (1035m)